



Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 17/01/2013

Na vila de Vimianzo, ás vinteunha horas do día dezasete de xaneiro de dous mil trece, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

A convocatoria desta sesión plenaria de carácter extraordinario responde á solicitude presentada no Rexistro Xeral o 31/12/2012 (RE 9664) e asinada polos concelleiros D. Juan Carlos Amado Sambade, do PP; D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez e D. Manuel Soto Pérez, de IxV; e D.^a Montserrat Vázquez Miñones e D. José Manuel Rodríguez Blanco, do PSOE.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. Anselmo Ramos Martínez
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Montserrat Vázquez Miñones
D. Manuel Soto Pérez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a María Carmen Hermida Tomé
D. José Manuel Perez Trillo
D. Juan Carlos Amado Sambade

Ausentes:

D. José Antonio Miñones Riveiro
D. Pablo López Vázquez

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García
Interventora: D.^a Gema Leal Insua

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Acordo, que proceda, a partires dunha moción do grupo municipal IxV sobre bonificación do IBI no concello de Vimianzo.

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, reunida o 14 de xaneiro de 2013, da que se transcribe só a parte dispositiva:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos, por unanimidade dos seus membros presentes, dítamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

"Asumir o compromiso de modificar a Ordenanza Fiscal núm. 8, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóviles, introducindo as bonificacións potestativas que contempla o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais."

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde dalle a palabra aos voceiros dos grupos municipais. O Sr. Rodríguez Blanco disculpa a ausencia do Sr. Miñones Riveiro, por motivos persoais, e pide que os promotores da moción expliquen o seu contido.

C

O Sr. Soto Pérez explica que para o ano 2013 os recibos do IBI van sufrir un incremento importante, por mor da suba obrigatoria imposta polo goberno estatal. Recoñece que non é unha competencia municipal, pero para tratar de evitar ese incremento no 2013 o seu grupo propón adoptar as bonificacións previstas na Lei de Facendas Locais, referidas aos núcleos que carecen de servizos, familias numerosas ou vivendas que contén con enerxías renovables. Explica que en plenos anteriores xa o solicitaron, pero non se fixo nada, e agora pide que se apliquen con carácter retroactivo porque é algo que beneficia aos veciños, aínda que parece que iso non é legal.

O

P

I

O voceiro do PP apoia esta moción, porque di que a situación nas casas é moi dura, e se entraran soldos de seis mil euros, como o que cobrou o alcalde este nadal, non habería estes problemas.

A

O voceiro do BNG di que están totalmente dacordo coa moción, aínda que eles foron máis alá e no pleno de novembro presentaron unha moción máis ambiciosa, solicitando que o goberno central lles permita non aplicar a suba obrigatoria para 2013. Supón que o Sr. Amado está dacordo e vaille pedir a Rajoy que non lles obrigue a aplicar a suba. Manifesta que a suba para 2013 en ningún caso responde á vontade do goberno municipal de Vimianzo. Respecto das bonificacións relativas aos núcleos con poucos servizos, considera complicado facer unha regulación axeitada.

P

O alcalde considera que o punto está máis que debatido. Responde ás palabras do Sr. Amado dicindo que se as aspiracións deste señor á Alcaldía se refiren ao soldo do alcalde, debe enterarse ben de cal é, pois está moi equivocado. Aproveita a ocasión para anunciar que a paga extra de Nadal do alcalde vaise adicar ás solicitudes de axudas escolares que quedaron fora.

Ú

Respecto da moción, sinala que o voceiro de IxV sabe perfectamente que se a presenta o 14 de decembro non vai dar tempo a que entre en vigor o 1 de xaneiro do ano seguinte, porque os trámites duran uns dous meses, como xa explicou a interventora.

B

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Asumir o compromiso de modificar a Ordenanza Fiscal núm. 8, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, introducindo as bonificacións potestativas que contempla o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

L

O Sr. Pérez Trillo pide a palabra ao alcalde para dicir unhas palabras, dirixidas á xente do Partido Popular presente na sala de sesións. Di que antes dos plenos acordaron ter unha reunión para tratar os asuntos, e esas reunións non se levan a cabo porque o portavoz non aparece. Polo tanto, pode que o seu voto non coincida co do seu compañeiro.

I

Unha persoa do público interrompe dicindo unhas palabras.

C

O alcalde pide que saia da sala de sesións.

Ante a negativa desa persoa de abandonar a sala, o alcalde pide que a Policía Local o desaloxe.

Continúa o Sr. Pérez Trillo coa súa intervención, acusando ao Sr. Amado Sambade de andar dicindo por aí que se presentou na súa casa con dous testigos e o Sr. Pérez Trillo non apareceu. Afirma que isto non é certo.

A

O Sr. Rodríguez Blanco di que eles van marchar porque esta intervención non ven a conto.

O Sr. Alcalde sinala que o concelleiro do PP pediulle a palabra para explicar o sentido do seu voto.

O Sr. Pérez Trillo conclúe que el non ten nada contra o resto dos membros da oposición, pero o seu compañeiro non pode ir por libre, sen contar coa xestora.

O Sr. Amado Sambade pide turno de réplica.

O alcalde sinala que isto non pode convertirse nun debate, que o Sr. Pérez Trillo pediulle a palabra para explicar o sentido do seu voto, nada máis. Entende que os problemas do Partido Popular debe resolvelos o Partido Popular.



Concello de Vimianzo

C

O Sr. Amado Sambade di que isto é un problema interno do partido, e non está na orde do día.
O Sr. Alcalde está dacordo e indica que se pase ao seguinte punto.

O

2. Aprobación do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS 2013.

P


De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, reunida o 14 de xaneiro de 2013, da que se transcribe só a parte dispositiva:

I

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, por dous votos a favor (BNG), tres abstencións (PSOE, IxV e PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordo:

A

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, cuxas bases se cofecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:



A) Realización de obras:

P

Ú

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
Saneamento en Sansobre	107.992,50	0,00	107.992,50
Saneamento en Riba da Regueira-Braño	58.500,00	0,00	58.500,00
Actuación no patrimonio municipal en Tines e Serramo	30.525,88	0,00	30.525,88
SUBTOTAL OBRAS	197.018,38	0,00	197.018,38

B

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

L

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	183.646,67

I

C) Resumo:

C

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	197.018,38	0,00	197.018,38
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	183.646,67		183.646,67
TOTAL	380.665,05		380.665,05

A

SEGUNDO.- Aprobar o Plan complementario do ano 2013 no que se inclúe a obra que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto de obra:

Denominación da obra	Presuposto
Melloras na contorna do cemiterio de Carnés e acondicionamento do espazo público das Cabazas	32.397,75
TOTAIS	32.397,75

C

O TERCEIRO.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

P CUARTO.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

I QUINTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

A SEXTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

SÉTIMO.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

OITAVO.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

P Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde indica que estamos ante un plan de obras cunhas características específicas: é un plan que tódolos anos se aborda, ó contrario do Plan DTC 94, que foi un plan extraordinario. Explica que outros anos adicouse o 60% do POS a gasto corrente, e este ano reduciuse a menos do 50%. Explica cada unha das obras:

Ú - Saneamento en Sansobre: indica que é o único lugar da parroquia de Vimianzo que actualmente non conta con saneamento.

B - Saneamento de Braño: sinala que se trata dunha primeira fase dun plan de saneamento total de Braño, o lugar máis importante da parroquia de Carantoña.

D - Actuacións en Tines e Serramo: sinala que algunhas son propostas da oposición. Refírese a actuacións na escola de Tines e na escola de Serramo.

L Explica que con cargo ás baixas a intención é mellorar o contorno da igrexa de Carnés e adecuar o espazo público no lugar das Cabazas, que comezou na campaña electoral e quedou a medio facer.

I Sinala o alcalde que estas propostas xa se plantexaron á oposición nunha comisión de obras o 20 de novembro, e volveuse a falar en sucesivas reunións a finais de novembro e primeiros de decembro. Considera que a abstención da oposición na comisión informativa é un deixar facer que agradece. Entende que tódalas obras son boas, propoñaas quen as propoña. Acto seguido dalle a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

C O voceiro do PSOE solicita que se dea lectura ao informe da Intervención.

O alcalde dalle a palabra á Interventora para que explique.

A A interventora sinala que se trata dun anexo que esixe a Deputación no que se determina a previsión de gasto corrente a que se vai adicar parte do POS, destinado aos servizos esenciais de prestación obrigatoria. Sinala que na comisión comentouse que cando se fixo a prórroga do orzamento do 2012 ao 2013, como en 2012 estaba en previsións de ingresos o 60% do POS para gasto corrente, a Intervención advirte que de non destinarse en 2013 unha cantidade similar, haberá que dar de baixa créditos nesas aplicacións orzamentarias.

Pregunta o Sr. Rodríguez Blanco se é certo que de non aprobar este Plan o concello vai ter serios problemas económicos.

A interventora asente.



Concello de Vimianzo

C

O voceiro do PSOE di que eso é o que quería saber. Lembra que hai pouco o Sr. Mancebo presumía de estar ao día no pago das facturas e ter unha solvencia tremenda...

O

O alcalde pregunta se rematou.

O Sr. Rodríguez Blanco di que aínda non empezou. Pregunta se o concello ten a dispoñibilidade dos terreos para facer estas obras.

P

O alcalde di que remate a intervención, que non se vai entablar un diálogo.

O voceiro socialista di que nunha reunión na casa de cultura de Baiñas un veciño botoulle en cara que teña unha minidepuradora na súa propiedade. Afirmar que eso é certo, e non dá gusto ningún ter eso diante da porta. Di que hai pouco tempo o contratista da obra da minidepuradora en Baiñas foi para poñela e o propietario díxolle que el non autorizara, que quedaran de falar con el pero aínda non viñera.

I

Respecto das obras propostas neste POS, di que a oposición presentoulle o 31 de decembro unha lista de obras e practicamente non se incluíu ningunha. Entenden que todos os cartos deberían adicarse a obras, pero despois do dito pola interventora aínda van pensar o seu voto.

A

O voceiro de IxV di que a base de tanto repetir as cousas vanse crendo, pero despois a realidade coloca todo no seu sitio. Señala que lles gustaría que se adicaran todos os cartos a obras: fala dun punto de recollida de plásticos agrícolas, que o saneamento de Braño fora de todo o lugar, a senda de Tufións, etc. Dalle a razón ao alcalde en que todas as obras son necesarias pero os cartos non chegan. Teñen claro o sentido do seu voto: van permitir que as obras saian para adiante. Lembra que no DTC eles non viñeron ao pleno para permitir que se aprobara, o cal demostra unha xenerosidade tremenda.

P

O Sr. Mancebo Amigo rise.

Continúa o Sr. Soto Pérez dicindo que todas esas obras que mencionou deben facerse, pero agora van facer o posible para que estas obras se aproben.

Ú

O voceiro do PP está dacordo coas obras que propón o grupo de goberno, e saben que hai problemas económicos, polo que dixo a interventora, e por eso el non vai poñer pegadas para que estas obras saian adiante.

B

O voceiro do BNG di que no pleno anterior díxose que todas as facturas a 30 de outubro están pagas, e case todas a 30 de novembro, cousa que poucos concellos poden dicir. Houbo quen o puxo en dúbida pero aínda non pasou a velas, será porque sabe que é certo. Lembra que cando presentaron o orzamento, sometido a unha cuestión de confianza, a situación económica era mala: sentenza da casa de cultura, obras en campaña electoral, etc. A día de hoxe pagáronse as facturas pendentes e reduciuse a débeda cos bancos. Se non fora pola débeda da casa de cultura e os préstamos Vimianzo estaría moito mellor. Considera que non se lle pode pedir máis a este concello, xa que adicou o 100% do DTC a obras e máis do 50% no POS. Fai un repaso polos concellos do contorno, e todos adican máis cantidade do POS a gasto corrente. Di que non está criticando aos outros concellos, pois a situación é difícil, pero a xestión do goberno de Vimianzo está aí. Di que os gastos de persoal superan os dous millóns de euros, e é unha situación herdada do anterior goberno. Cre de xustiza agradecer o esforzo da Deputación en axudar aos concellos.

L

I

C

O alcalde entende que o punto está máis que debatido, pero quere puntualizar unha serie de cousas. Di que este plan tiña que estar aprobado antes do 28 de decembro, aínda que despois a Deputación ampliou o prazo, e a oposición presentou as propostas o 31 de decembro. Pídelle ao Sr. Rodríguez Blanco que non semente dúbidas, e afirma que non hai ningún problema de dispoñibilidade de terreos en Baiñas. Outra cousa é que quen fai os proxectos, fainos como os fai, e cando se vai replantear veñen os problemas. Di que os veciños veñen ao concello cheos de confusión, por rumores que supostamente pon en circulación o Sr. Rodríguez Blanco, cousa que o alcalde négase a crer. Sen entrar noutros detalles, di que esa minidepuradora que ten na súa propiedade estivo conectada á rede eléctrica de forma ilegal, e tivo que arranxalo este goberno. Respecto das obras de Tras do Ceán, pide que non semente dúbidas, e que faga coma o voceiro de IxV, que ten unha actitude positiva.

A

C

O

P

I

A

Afirma o alcalde que a proposta do punto de recollida de plásticos agrícolas é boa, e están facendo en Reboredo, e queren facer outra en Baíñas, porque é unha obra que non ten un custo elevado. Respecto das sendas peatonais en Roalo e Tufiós, di que falou coa Deputación e non pode incluírse no POS porque o concello non é o titular da estrada. Pediu unha reunión co presidente da Deputación, e aínda está agardando. Espera que o Sr. Amado lle bote unha man e consiga esta reunión, aínda que leve el tódolos méritos.

Respecto do que supón non aprobar este plan, di que claro que habería que despedir persoal e apagar alumeados.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por catro votos a favor (BNG) ningún voto en contra e sete abstencións (PSOE, IxV e PP), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

P

Ú

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
Saneamento en Sansobre	107.992,50	0,00	107.992,50
Saneamento en Riba da Regueira-Braño	58.500,00	0,00	58.500,00
Actuación no patrimonio municipal en Tines e Serramo	30.525,88	0,00	30.525,88
SUBTOTAL OBRAS	197.018,38	0,00	197.018,38

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

B

L

B) Financiamento de gastos correntes:

Deputación

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	183.646,67
---	------------

C) Resumo:

I

C

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	197.018,38	0,00	197.018,38
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	183.646,67		183.646,67
TOTAL	380.665,05		380.665,05

A

SEGUNDO.- Aprobar o Plan complementario do ano 2013 no que se inclúe a obra que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto de obra:

Denominación da obra	Presuposto
Melloras na contorna do cemiterio de Garnés e acondicionamento do espazo público das Cabazas	32.397,75
TOTAIS	32.397,75



Concello de Vimianzo

C

TERCEIRO.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

O

CUARTO.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

P

QUINTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

I

SEXTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

A

SÉTIMO.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

OITAVO.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

P

3. Revogación do acordo plenario adoptado na sesión do 25 de xuño de 2011, de delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local en relación coas facultades previstas no artigo 22.2.j) da LBRL

Ú

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, reunida o 14 de xaneiro de 2013, que ditaminou desfavorablemente a seguinte proposta de acordo:

B

Revogar o acordo plenario adoptado na sesión do 25 de xuño de 2011, de delegación na Xunta de Goberno Local das facultades do Pleno previstas no art. 22.2 j) da LBRL para o exercicio de accións administrativas e xudiciais, nos ámbitos do dereito público ou privado, así como a defensa da Corporación nos procedementos incoados contra o Concello, e o nomeamento de letrados e procuradores.

L

Aberto o turno de intervencións, o alcalde dalle a palabra aos voceiros.

I

O Sr. Rodríguez Blanco di que esta delegación realizouse nun momento de pacto, pero agora con catro concelleiros di que é importante que o pleno estea enterado de todo, dada a grande cantidade de conflitos e pleitos que hai no concello.

C

O voceiro de IxV di que é unha competencia plenaria e pouco máis hai que dicir. Ratifica o dito polo voceiro socialista respecto da cantidade de pleitos que hai na actualidade.

A

O Sr. Amado Sambade refírese á postura contraria da anterior voceira do PP, a Sra. Borbujo, respecto desta delegación. Pide que o alcalde explique "por que non se leva a xunta de goberno ao pleno".

O Sr. Alcalde di que non entende a pregunta, que son dous órganos distintos.

O alcalde di que é mentira que haxa moitos litixios: o litixio de Bañas é herdado, e agarda non ter litixios coa Xunta polos estudos de detalle. Afirma que este goberno non quere ter litixios. Respecto das denuncias entre veciños, di que eso non é un litixio, é un expediente no que informa o arquitecto e a secretaria, non os letrados.

Non entende o alcalde porque agora o PSOE non apoia a delegación. Di que non lle vale como excusa que non estean informados, porque cando a xunta de goberno actúa por delegación debe informar á comisión informativa con carácter previo. Afirma que se non están informados é porque

C

no hai litixios en materia de competencia plenaria. Di que resulta máis áxil que nomee a xunta de goberno local e non ter que convocar un pleno, e de feito esto é habitual en tódolos concellos. Di que eso xa se fixo no mandato anterior, e ao PSOE entón valiulle. Van defender que se manteña esa delegación, porque é algo útil, non político. Entre risas, dille ao Sr. Amado que Borbujo vaise poñer moi contenta cando se entere que Amado a defendiu no pleno.

O

P

O Sr. Amado alega que non a defendiu, que eso está nas actas.

I

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por sete votos a favor (PSOE, IxV e PP), catro votos en contra (BNG) e ningunha abstención, acorda:

A

Revogar o acordo plenario adoptado na sesión do 25 de xuño de 2011, de delegación na Xunta de Goberno Local das facultades do Pleno previstas no art. 22.2 j) da LBRL para o exercicio de accións administrativas e xudiciais, nos ámbitos do dereito público ou privado, así como a defensa da Corporación nos procedementos incoados contra o Concello, e o nomeamento de letrados e procuradores.

4. Toma de coñecemento da renuncia do concelleiro D. Pablo López Vázquez.

Antes de comezar, o Sr. Amado Sambade pide permiso ao alcalde para entregarlle un documento á secretaria. Pide que conste na acta.

P

O alcalde di que non sabe que documento é este, e pregunta se ten que ver con este punto.

O voceiro do PP di que si.

O alcalde dille que entón agarde a que se lea o punto e despois que defenda o que considere oportuno. Pide que a secretaria dea lectura a tódolos antecedentes e documentos do expediente, se é posible.

Ú

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta de sendos escritos de renuncia ao cargo de concelleiro de D. Pablo López Vázquez, presentados no Rexistro Xeral do Concello de Vimianzo o 22 de decembro de 2012:

B

- escrito con rexistro de entrada núm. 9533;

- escrito con rexistro de entrada núm. 9534;

L

Na mesma data, con rexistro de entrada núm. 9536, preséntase escrito no que D.^a María Carme Cundíns Varela, número cinco da candidatura do Partido Popular nas eleccións municipais de maio do 2011, renuncia a ser proclamada electa.

I


Consta no expediente requirimento asinado pola secretaria da Corporación, de data 11 de xaneiro de 2013, no que se require a comparecencia de D.^a María Carme Cundíns Varela ante dita funcionaria a efectos de comprobar a autenticidade da súa sinatura, posto que, segundo se indica, a sinatura que consta no escrito presentado o 22 de decembro de 2012, con RE 9536, non garda semellanzas coa que consta no seu Documento Nacional de Identidade. A interesada foi notificada o propio 11 de xaneiro de 2013.

C

A

O 15 de xaneiro de 2013 preséntase no Rexistro Xeral do Concello de Vimianzo escrito no que D.^a María Carme Cundíns Varela, número 5 da candidatura do Partido Popular nas eleccións municipais de maio do 2011, renuncia a ser proclamada electa. Consta no reverso do dito escrito lexitimación da sinatura por D.^a Carme Susana Mora Ferreira, notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, con residencia en Vimianzo.

Consta no expediente copia da candidatura presentada polo Partido Popular nas eleccións municipais de maio de 2011. A persoa que ocupa o posto número seis é D. Ramón Santos Vázquez.



Concello de Vimianzo

C
O
P
I
A

P
Ú
B
L
I
C
A

O Pleno da Corporación dase por enterado.

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde pregunta, dado que hai dous escritos da candidata D.^a María Carme Cundíns Varela, un do 22 de decembro de 2012 -despois requeriuse a autenticación da sinatura- e outro do 15 de xaneiro de 2013 -lexitimada a sinatura ante notario-, cal é o escrito válido.

A secretaria contesta que o válido é o presentado o 15 de xaneiro de 2013.

O voceiro do PP insiste en entregarlle un escrito á Secretaria.

A secretaria explica que debe presentalo no Rexistro Xeral de Documentos., dirixido ao Sr. Alcalde, non á secretaria.

O alcalde dille que as cousas non se fan así, non se entregan os escritos desa maneira, deben presentarse no Rexistro, que aínda pode ser calquera acusación contra alguén...

O Sr. Amado di que no Rexistro xa entregou un documento.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas e cinco minutos, a presidencia remata a sesión e eu redato esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o dezasete de xaneiro de dous mil trece.

O alcalde

A secretaria